

Os animais domésticos na poesía galega de Rosalía

Isabel González

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ, ISABEL (2012 [1986]). “Os animais domésticos na poesía galega de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 89-97. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2014>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ, ISABEL (1986). “Os animais domésticos na poesía galega de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 89-97.

* Edición dispoñíbel desde o 11 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

OS ANIMAIS DOMÉSTICOS NA POESÍA GALEGA DE ROSALÍA

ISABEL GONZÁLEZ
Universidade de Santiago

De tódolos animais que aparecen mencionados na poesía galega de Rosalía de Castro, moitos en verdade (1), escollín os domésticos, chamados tamén animais da casa ou da corte, porque é o grupo máis numeroso --o máis abundante despois dos paxaros--, deixando tan só a parte as aves (2). A outra razón que me levou a facer esta escolla foi o feito de apareceren mencionados case por un igual tanto en *Cantares Gallegos* (3) como en *Follas Novas* (4).

Os animais domésticos están, loxicamente, moi relacionados coa vida do home. O paisano galego aliméntase dos animais que coida, dos ovos das súas *galiñas*, do leite das súas *vacas*, da carne dos *porcos* que ceba... Os nosos labregos tiñan, en tempos de Rosalía, como únicos bens materiais, os cartos que lles daban a venda dos *xatos*, ou os *bois* e *vacas* da corte, ós que tiñan que acudir en caso de necesidade, fame, ruína ou emigración.

Non é de extrañar, entón, que Rosalía --poeta por excelencia do pobo galego--, que se sentiu toda a súa vida identificada con Galicia e coas súas xentes, nos fale moi a miúdo na súa poesía dos animais que viven en estreita relación con esas xentes. Rosalía procura dar unha visión realista do mundo galego e por iso descríbeno-la matanza do *porco* --acontecemento importante nunha casa da aldea--, ou do emigrante que ten que vende-las súas *vaquiñas* ou do triste agoiro que nos presaxia o ouvear dos *cans*.

1. O gando vacuno

Marina Mayoral, no seu libro sobre a poesía de Rosalía, afirma nunha ocasión

(1) A modo de exemplo pódense consulta-los traballos de C. García, *Grilos e ratos, rans albariñas* e M. Brea, *As aves na poesía galega de Rosalía* publicados nestas Actas, pp. 71 e 79 respectivamente.

(2) Quedan fóra, polo tanto, animais tan "da casa" como a *galiña* o *galo* ou o *pito*, porque xa foron estudados amplamente pola miña colega M. Brea, no traballo mencionado sobre das aves.

(3) Baseámonos para as nosas citas na segunda edición --a derradeira coidada pola autora--, a de Madrid, (Librería de D. Leocadio López, editor), 1872. Os números fan referencia ó poema e ó verso.

(4) Referirémonos sempre á primeira edición, de 1880, manexada na reprodución facsimilar preparada pola Real Academia Galega en 1982. Ó non estaren numerados os poemas, citaremos só as páxinas onde se atopan.

que os animais que aparecen nas descrições de Rosalía non obedecen a criterios realistas: “En este sentido hay que señalar la ausencia de vacas, tan frecuentes en los prados gallegos” (5). Non estamos totalmente de acordo con esta afirmación, xa que, aínda que non aparezan na poesía de Rosalía as *vacas* pacendo nos prados, si aparecen moitas veces nas cortes, por exemplo.

As *vacas* aparecen mencionadas con frecuencia, sexa en comparacións:

“—Hora, meu meniño, hora,
.....
Con esa boca tan feita,
Sorrindo todo fartião,
Cal ubre da *vaca* cheya”. (C.G. 20, 12)

“Matouse un carneiro, grande
Como un boi, e unha tenreira
Como unha *vaca*,” (F.N. 177)

Sexa cando se sente grande saudade das cousas perdidas por estar lonxe delas:

“ ¡Ay miña probe casiña!
¡Ay miña *vaca* bermella! (C.G. 17, 52)

ou polo embargo de que se foi vítima:

“Venderonll’os bois,
Venderonll’as *vacas*,” (F.N. 211)

O medo ó ‘máis alá’ é algo moi metido no corazón dos labregos galegos. O mesmo tembla unha persoa que un animal, no noso caso, unha vaca:

“—Na nay, á *vaca* marela
Tembra coma vos n’a corte.
.....
—Y á probe *vaca* marela
Paga, decí, o qu’eu pequeei?” (F.N. 172-173)

Cando unha nai ve a súa filla enferma ou enmeigada, está disposta a face-lo que sexa por curala. Rosalía sabe que os maiores bens que ten o labrego son as *vacas*:

“Prenda d’as miñas entrañas,
Ven á min, non tomes pena,
Que has d’ir á San Pedro Martir,
Mais que boys e *vacas* venda...” (F.N. 82)

Claro que, se a *vaca* é vella, vale pouco. A moza da composición seguinte píde-lle a San Antonio que lle busque un home porque ela, co pouco dote que ten, non poderá atopalo:

“Unha cullér de ferro,
Cátro de boxe.
.....

(5) Cfr. M. Mayoral, *La poesía de Rosalía de Castro*, Gredos, Madrid, 1970, p. 240.

Unha *vaquiña* vella
Que non dá leite...” (C.G. 13, 49)

Dentro do gando vacuno, aparte das *vacas*, única especie que aparece en *Cantares Gallegos*, fálese tamén en *Follas Novas* do *boi*, *tenreira* e *tourada*. Ademais dos casos xa mencionados no que aparecían os *bois* ó lado das *vacas* (F.N. 177, 211, 82), atopamos outro exemplo no que se fala do *boi* na descrición que Rosalía fai de Cornes como modelo dunha paisaxe galega:

“Beben os *bois* n’o teu río
Y o sol alegre á escampada”. (F.N. 203)

en clara oposición coa paisaxe de Castela: En Galicia os *bois* beben no río mentres que aquí todo é sequía e os animais foxen da queima do sol:

“O lonxè o mular pasaba,
Viña á *tourada* mais preto,
A ovella enferma balaba”. (F.N. 128)

A *tenreira* aparece cando se fai alarde do tamaño dos animais que se mataron para a festa:

“... e unha *tenreira*
Como unha vaca, e gordiña
Como unha cocha pequena”. (F.N. 177)

2. O gando mular

Este grupo de animais é pouco numeroso na poesía galega de Rosalía. En *Cantares Gallegos* fálese tan só do *burro*, *burra*, para facer referencia ó modo de falar vulgar dun mozo que está cumprindo o servizo militar:

“Adiós, espresións che mando
Po-lo *burro* de Camilo,” (6) (C.G. 24, 114)

ou a típica verborrea dunha campesiña:

“—Turra, turra,
Xán, po-la *burra*!
.....
Cas-qui-tó,
Qu’escorrenta-las *burras*” (C.G. 29, 74 y 88)

Só unha ocasión aparece mencionada a femia do *burro* dentro do contexto, dentro do entorno familiar dunha festa:

(6) Aquí non sabemos moi ben se se trata do sustantivo *burro*, propiedade de Camilo, ou do adxectivo *burro*, aplicado ó mesmo.

“Meu amo folgado de tanta largueza,
 Que n'era costume na dona tal ver,
 Tamen ¡miña xoya! saltando da *burra*
 ¡Pin! ¡pan! río arriba botouse á correr” (C.G. 31, 31)

En *Follas Novas*, á parte do xenérico *mular* que xa vimos cando Rosalía contempla a desoladora paisaxe castelá (F.N. 52), aparece a expresión *á caballo* “sobre, encima de”: “E si non ten onde pôrse / Brinque *á caballo* d'a artesa”. (F.N. 181), e logo, xa en emprego endocontextual, aínda que con sentido figurado, atopamos mencionado o *cabalo*:

“Espolea ó teu *cabalo*,
 E espoleandoo revéntao.
 ¿Qu'importa un nobre *cabalo*?
 ¿Qu'importan dous nin trecentos?
 O qu'importa Alvaro Anido
 E chegar cedo”. (F.N. 152)

3. O gando lanar

Do gando lanar a especie máis mencionada é a das *ovellas*. Normalmente nos prados e montes galegos non faltan os rebaños de *ovellas*:

“Y as guedellas enrisadas
 Lle caían,
 Cal *obellas* en manadas,” (C.G. 9, 59)

“y a vella vay, sube, sube
 A costa d' mar d'*ovellas*” (F.N. 175 y 176)

e se faltan, non é bo sinal, porque significa que a natureza quedará triste e soa:

“Quedan as veigas sin xente,
 Sin *ovelliñas* os montes,” (C.G. 30, 6)

Rosalía ve na *ovella* a personificación da tristeza; nos exemplos seguintes compara as mulleres e nenos tristes coas *ovellas* enfermas ou doridas:

“Tal como triste *ovelliña*
 Que trema de dor queixosa” (C.G. 18, 101)

“Que soyo, soyo quedaches
 Com'unha *ovelliña* enferma.” (C.G. 20, 22)

Se non se laia de dor, a *ovella* baía porque está enferma: “A *ovella* enferma balaba” (F.N. 128).

Os fillos das *ovellas*, *años* e *cordeiros* aparecen dentro do seu ambiente, berrando no monte:

“*Años*, que valás nos montes,” (C.G. 17, 53)

ou pacendo nos prados:

“Y entre as margaridas
Pacen os *cordeiros*”. (F.N. 230)

O campo, a natureza galega non falta endexamais na poesía rosaliana, e por iso son frecuentes as descrições dos animais que poboan esa paisaxe, como os *cabritos*, que van e veñen rebuldeiros:

“Que libre respirar... que placenteiro
Ir e vir dos *cabirtos* xuntadiños!” (C.G. 25, 14)

ou as *cabras* coa súa lixeireza característica. A moza da composición de Rosalía sobe enriba dos outeiros “Com’unha *craba* lixeira” (C.G. 11, 25).

Se as *ovellas* son coitadas e tristeiras e as *cabras* rebuldeiras e lixeiras, os *carneiros* son a terquedade en persoa:

“Esto unha vella viuda,
E terca como un *carneiro*,” (F.N. 198)

Do *carneiro* fálase tamén como un animal que se sacrifica nos días de festa: “Matouse un *carneiro*...” (F.N. 177).

4. O can e o gato

O *can* non pode faltar en ningunha casa de labregos. Este animal, en xeral, non conta coas simpatías de Rosalía, pois aparece bastantes veces con connotacións negativas, cousa, por outra parte, nada extraña xa que o can, cando ouvea, tráelle de seguidiña malos presaxios ós nosos paisanos galegos. De cotío, nas noites negras de inverno, cando zoa o vento, os cans ouvean sen parar, agoirando sempre algunha morte ou cousa mala:

“Contra quen os *cans* oubean
Agoirando triste enterro;” (C.G. 16, 17)

“Mais preto os *cans* ladraban
Y antr’a follañ o vento rebulia” (F.N. 191)

“Mentras fora zoa o vento
E ladran os *cans* n’as eiras”. (F.N. 179)

Por iso non é desexable senti-lo ouveo do *can* preto de quen ben se quere:

“Cala *can* negro, nóubees,
A porta de quen ben quero,” (F.N. 252)

O *can* segue sendo visto con malos ollos nas dúas composicións seguintes. Na primeira Rosalía compara este animal coas peores alimañas. Na segunda ve ó *can* como fillo dun animal selvaxe, o raposo, e, polo tanto, capaz de facer calquera falcatruada porque “de casta le viene al galgo”:

“*Cans* que morden como feras,” (F.N. 94)

“*Can* fillo dun raposo
 Que o teñen por leal,
 Que si non come os pitos
 E que non poderá”. (F.N. 160)

E mesmo o mes de marzo, que en Galicia soe ser de mal tempo, compárase co aspecto fero da cara do *can*. Hai moitos refráns que así o confirman, como por exemplo o do Grove “marzo, marzán, pola mañán cariña de santo, pola tarde cariña de *can*”. Rosalía di:

“Pola mañan, cariña de rosas;
 Pó-la tarde, cara de *can*” (C.G. 27, 30)

Aínda con todo atópanse tamén destacadas as boas cualidades do *can*, amigo fiel do home. Vexamos, por exemplo o que se di no poema adicado a John Moore:

“O *can* qu’agarda polo dono ausente
 Y ó busca errante por camiños hermos,” (F.N. 115)

Rosalía, tan amiga de facer comparacións entre os homes e os animais, non escatima ningunha cando se trata do *can*. A moza, enamorada, compárase a un *can* de cego: “Son *canciño* de cego en quererte...” (C.G. 27, 53), ou di o mesmo do seu mozo: “Unhas veces *canciño* de cego,” (C.G. 29, 7). Agora é un neno mendigo e orfo o que se compara cun *can* sen dono, despreziado por todos: “Coma *can* sin palleiro nin dono,” (F.N. 162). Nesta ocasión o amor de nai roe nela mesma con tanta insistencia como a do *can* que roe nun codeiro:

“Qu’esta madre roe en min
 Cal roe un *can* n’un codeiro,” (F.N. 187)

Non faltan tampouco as referencias ó *can* nas frases feitas ou en locucións como:

“— ¡Rabéa!
Can! que non vin unha xorda
 Mais franca nin lagarteira,” (F.N. 183)

“¡*Can* pasa! n’un tempo meniña, diranche” (F.N. 89)

“—Turra, turra
 Xán po-la burra!
 Mira que Pedro
 A *cadela* ch’apurra.

.....
 Marcha *can*
 A ladrar ò palleiro,

.....
 Baiche c’o *cán*
 Qu’ò peixiño lle gusta!” (C.G. 29, 76, 93 e 97)

Para facernos ve-lo contraste que se dá, ás veces, dentro dun mesmo personaxe

(7), e neste caso na distinta actitude dunha dama nun día normal, moi soberbia, e nun día de festa rachada, moi dicharacheira, dísenos:

“Xordiña quedara, falando por sete,
con probes e ricos, con porcos e cans”. (C.G. 31, 28)

O *gato* aparece citado catro veces, dúas dentro de contexto:

“Cátall-as pulgas ò *gato*,” (F.N. 186)

“Ali á viron negra e fraca
Com’unha *gata* famenta” (F.N. 94)

e outras dúas en locucións xa case lexicalizadas, ou sexa cando o gato non é o protagonista:

“Gachi, gachi,
Que dencho de *gato*!
.....
Truca, perico,
No *gato* rabelo” (C.G. 29, 102 e 110)

5. O porco

Mentres que en *Follas Novas* só se fala unha vez do *porco*, concretamente da *cocha*, e para iso comparando a gordura da *tenreira* que se matou un día de festa coa dunha “*cocha* pequena” (F.N. 177), en *Cantares Gallegos* Rosalía dedica todo un poema, o vintecinco, á matanza do *porco*, que, por ser unha cousa moi importante en calquera casa labrega, está tratada con todo luxo de detalles. Neste poema, como veremos, menciónase o *porco* catorce veces, en nove chámasele *porco*, en tres *cocho* e en dúas *quiño*:

“Cando d’os *porcos* á matanza viña
.....
Oíendo á *cocho* pó-los aires viña!
.....
Nin *porco*, nin mondongo, nin fartura
.....
Naide á festa do *porco* ó convidaba.
.....
Qu’inda ó *porco* Vidal nunca probara
Un *quiño* lle mercou ¡soberbo *quiño*!
.....
Mentras qu’ó *cocho* á paso de formiga
Y o seu dono Vidal serio, pasaban.
.....

(7) Vid. M. Mayoral, *op. cit.*, p. 443.

Qu'ò *porco* xa mortíño contempraban

 E n'aquel grave e quirtico momento
 E o *porco* vida e mundo e pensamento
 O cheiriño do *porco* ll'enlouquece,
 Qu'entr'os *porcos* nacidos é un portento

 ¡Este si que ch'é un *porco* repoludo!

 Mais c'ò *cocho* Vidal soyo s'encerra"

(C.G. 25, 113, 117, 136, 141, 152, 235, 244, 247, 257, 267, 268, 273 e 274)

Xa tivemos ocasión de falar do poema 31 ó referirmonos ó distinto comportamento dalgunhas persoas. A nosa dama en cuestión nas festas está con moitas ganas de falar con todo o mundo: "Con probes e ricos, con *porcos* e cans" (C.G. 31, 28).

6. Outros animais: o *coello* e o *rato*

Ó *coello* —Rosalía usa a forma *conexo*— préstaselle pouca atención; aparece unha vez en *Cantares Gallegos* e outra en *Follas Novas* e ámbalas dúas veces nunha frase tópica.

"Tocan as Ave-Marias,
 Cada *conexo* ò seu tobo
 Lixeiro, lixeiro, tire," (C.G. 3, 121)
 "¡Ay! cada pomba ò seu niño,
 Cada *conexõ* ò seu tobo,
 Cada yalma ò seu cariño." (F.N. 127)

Mencionaremos en derradeiro lugar ó *rato*. Cando Rosalía está tristeira e soa pensando nos seus males sente tódolos ruídos por pequenos que sexan: o voar dunha mosca, o roer dun *rato*:

"Y ó fin soya quedei, pero tan soya
 Qu'hoñe, d'a mosca o inquieto revoar,
 D'o *ratiño* o roer terco e constante,
 E d'o lume o chis, chas," (F.N. 150).

Cantares Gallegos e *Follas Novas* teñen como tema central a Galicia e as súas xentes. Como unha das facetas máis importantes da vida das xentes galegas énchena os animais domésticos —que conviven con eles, que lles proporcionan unha boa parte do alimento, que lles prestan unha boa axuda para os traballos, e, aínda máis, proporcionánlle-los cartos para mercaren outras cousas necesarias—, non é milagre, entón, que o labrego coide os animais da casa, que os minie coma cousa moi querida, que fale e dialogue con eles, ou que lles berre se non seguen "o rego dereito". E como Rosalía sente dentro de sí esta realidade galega e quere que a súa poesía sexa un

reflexo da mesma, non é de extrañar, tampouco, que a presenza dos animais da casa sexa algo constante na súa poesía.

O animal máis mencionado é o *can* porque é, quizais, o que está máis preto do home. Preséntanolo como fiel ó seu dono (F.N. 115), como portador de agoiros de morte (C.G. 16, 17), como elemento de moitas comparacións (C.G. 27, 53; F.N. 162), como interlocutor (F.N. 252), etc.

Outro animal doméstico moi citado é o *porco*, seguido moi de cerca das *vacas*; pois precisamente nesta orde aparecen mencionados na poesía galega de Rosalía. Pero, aínda que a nosa poetisa lles presta máis atención ós animais citados, tampouco quere esquecer aqueles outros que pasan máis desapercibidos, como o *coello* ou mesmo o *rato* (F.N. 15).

Tanto en *Cantares Gallegos* coma en *Follas Novas*, Rosalía usa moito da comparación de persoas con animais. Polo que se refire ós animais domésticos que nós estudiamos, ademais das comparacións xa mencionadas, na que un dos termos comparados era o *can*, atopamos tamén como segundo termo de comparación á *ovella*, comparada coas xentes tristeiras e solitarias (C.G. 18, 101 e 20, 22), ou á *vaca* —concretamente compárase a un neno ben mantido co ubre dunha *vaca* (C.G. 20, 12)—. Son todas, como vemos, comparacións tomadas da fala cotiá, da fala popular ou vulgar dos campesiños. Pensemos, por exemplo, na comparación da terquedade dunha muller viúva coa dun *carneiro* (F.N. 198), ou o desprecio que sofre un neníño orfo, semellante ó do *can* de palleiro, sen dono (F.N. 162).

Frente á abundancia de comparacións das persoas cos animais, obsérvase unha pobreza de metáforas. Sendo protagonistas os animais obxecto do noso estudio atopamos só un caso (C.G. 119), cando unha moza fala do seu pretendente como “*canciño* de cego”. Poderíamos citar tamén o caso do “*larpeiro rabudo*” (C.G. 29, 106), para referirse ó *gato*, pero trátase dunha simple substitución dun termo por outro, e polo tanto, dunha metáfora moi sinxela.